

# PLAN ANUAL DE LECTURA.

**CURSO 2018 / 2019**

**Biblioteca Rosalía de Castro**

**IES Pazo da Mercé**

## ÍNDICE

1. OBXECTIVOS
2. RUTINAS DE LECTURA. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS
3. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS DA BIBLIOTECA
4. BIBLIOTECAS DE DEPARTAMENTO
5. RECURSOS HUMANOS
6. ITINERARIOS LECTORES
7. ACTIVIDADES PROGRAMADAS
8. ACTIVIDADES PARA A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS
9. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

## 1. OBXECTIVOS

O Plan Anual de Lectura, elaborado pola responsable da biblioteca, en colaboración coa Comisión da Biblioteca, co Club de Lectura e cos distintos departamentos do centro, recolle as iniciativas relacionadas coa lectura para o presente curso escolar.

Os principais obxectivos para este curso son:

- aumentar no noso alumnado o gusto pola lectura.
- favorecer a visión da biblioteca como centro de información.

## 2. RUTINAS DE LECTURA. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS

O noso centro recolle tres actuacións concretas de fomento da lectura:

### 2.1. Hora de Lectura e Cálculo semanal

- Realizarase na biblioteca e, aínda que será organizada polo equipo da biblioteca, as sesións serán rotativas, de maneira que implicará a todo o profesorado do centro.

- Este curso, a petición de alumnado e profesorado, alternaremos lectura guiada e lectura libre:

o Na lectura guiada traballaranse textos previamente escollidos polo equipo de Biblioteca, será en voz alta intentando facer participar a todo o grupo. Cando se celebre algunha efeméride, incluíránse textos relativos a ela. O alumnado acudirá á Biblioteca.

o Na sesión de lectura libre, tanto o alumnado coma o profesorado terá como única actividade a lectura individual e silenciosa dun libro da súa escolla (libros de lectura obrigatoria, e-book, cómic, revista científica ou tecnolóxica...) Lembramos que esta hora non é unha hora de estudo nin se debe utilizar para preparar exames.

En caso de que un alumno/a non traia o seu libro de lectura da casa, disporá de material preparado para ese fin polo equipo de Biblioteca.

Se algún profesor precisa a hora de ler para facer algún exame, procurará cambiala por outra da súa conveniencia.

- En cada sesión, reservaranse uns minutos para a lectura libre, polo que o alumnado deberá traer algún libro, cómic, xornal ou revista didáctica do seu gusto. No seguinte cadro establecemos o material de lectura permitido para o tempo de lectura libre:

SI	NON
Libros de lectura obrigatoria e banda deseñada.	Libros de texto, preparar exames ou facer deberes.
Xornais: artigos ou reportaxes con fin informativo ou didáctico	Xornais: pasatempos, anuncios...
Revistas: didácticas ou científicas (por exemplo <i>National Geographic</i> , <i>Xenia</i> , <i>Código Cero</i> , <i>Informática</i> , <i>Entre Estudiantes...</i> ).	Revistas do tipo <i>Como tú</i> , <i>Super Pop</i> , "prensa de corazón"

Neste tempo será fundamental o labor e a colaboración do profesorado titor explicando as bases establecidas para esa hora de lectura semanal, insistindo en que o silencio é necesario para que todos podamos aproveitar ese momento.

- En cada sesión, os primeiros 10 minutos reservaranse para o cálculo mental. O departamento de matemáticas repartirá unhas fichas semanalmente con este propósito.

- A participación, valoración e aproveitamento da hora de lectura e cálculo reflectiranse nunha ficha cadro que deberá ser cumprimentada polo profesor/a correspondente. Contabilizará o número de persoas sen material e aquelas que entorpecen a lectura do resto e, en xeral, o aproveitamento do grupo. Tamén o grao de aceptación da actividade por parte do alumnado e calquera posible

incidencia no desenvolvemento da mesma.

## 2.2. Achegas dos departamentos

- Moitos departamentos inclúen actividades de lectura no seu facer diario, por exemplo:

o Fanse lecturas obrigatorias e optativas, e traballo con textos literarios e periodísticos nas materias de Lingua Galega e Lingua Castelá. Os alumnos de Lingua Castelá de 2º de Bacharelato traballan un texto periodístico cada 15 días.

o Na materia Grego, de 1º de bacharelato, propóñense lecturas voluntarias para realizar na casa, e na aula dedícase aproximadamente o 25 % do tempo á lectura de textos (noticias de prensa, fragmentos de obras literarias, manuais...) con contidos culturais, históricos ou literarios. Ademais valóraselle aos alumnos a realización voluntaria dun *diario* de lecturas (cómic, páxinas, obras, etc)

o En Latín fanse lecturas obrigatorias e tamén se len outros textos vencellados ao temario e á cultura grecolatina, para despois facer comentarios de texto.

o En Matemáticas propóñense actividades de textos extensos, para que os alumnos aprendan a seleccionar os datos necesarios, a sintetizar as ideas principais, a coñecer a linguaxe matemática e a súa utilización na vida diaria, a discernir falacias e erros matemáticos cometidos habitualmente, etc.

o O departamento de Francés selecciona e difunde lecturas de autores francófonos de todos os xéneros. Nos cursos de bacharelato elaboran un dossier de lectura trimestral que se colga no blog do departamento.

Un dos xéneros máis utilizados nos diferentes cursos é a poesía que tamén comparten en diferentes celebracións e actividades do centro, como o Día da Paz ou o Día da Poesía.

o O departamento de Inglés fai lecturas comprensivas utilizando diferentes técnicas (*skimming*, *scanning*, lectura en silencio, adaptación do ritmo de lectura ao texto...) case a diario. Ademais durante o terceiro trimestre lese un libro, para

despois escoitalo na aula e facer actividades de comprensión. Dedícaselle unha sesión á semana facendo un total de 7 ou 8 sesións.

- O departamento de Bioloxía e Xeoloxía traballa habitualmente textos na aula. Algúns dos textos da materia Cultura Científica pódense ler na páxina web do instituto, no enlace do departamento.

- Os departamentos poderán enviar suxestións para a compra de fondos específicos para a biblioteca.

- Algúns departamentos organizarán actividades de busca de información na biblioteca, por exemplo:

- O departamento de Francés na materia Investigación e tratamento da información.

- O departamento de Xeografía e Historia, para preparar a excursión ao Courel.

- O departamento de Latín e Grego propón facer traballo de investigación sobre mitoloxía; consultas nos libros de lectura sobre datos concretos destes; busca en enciclopedias, manuais e outros libros sobre aspectos de tipo cultural; e tamén busca na prensa de noticias relacionadas co mundo antigo.

- O departamento de Educación Plástica colaborará na ambientación e decoración da biblioteca, co obxectivo de facer desta un espazo máis agradable que invite a participación, ao estudo e ao lecer.

### 2.3. O club de lectura

A comezo de curso, a profesora Montserrat Santos Barroso, coordinadora do Club de Lectura este ano, organizará as diferentes seccións. Despois, coa axuda dos profesores colaboradores, decidiranse os libros a ler, os grupos dos que se encargará cada profesor, e os horarios e espazos onde se desenvolverán as reunións. O profesorado encargado de cada grupo fará o seguimento pertinente

do alumnado do seu grupo.

Este ano en concreto os profesores encargados dos diferentes grupos serán:

- Montserrat Santos: literatura feminista.
- Sonia González: obradoiro de banda deseñada.
- Ana Belén Moreda, Isabel Cuntín: teatro.
- Susana Ferreiro: lectura de cómic.
- Yolanda Pérez, María Esther Ferreiro: novela de ciencia ficción
- Baltasar Berciano, Isabel Cuntín, Susana Ferreiro, María Antonia Sousa: novela de aventuras para alumnos con capacidades de comprensión lectora baixa.

Para o alumnado do Club de Lectura estarán dispoñibles en préstamo varios libros dixitais, previa entrega á coordinadora dun formulario de compromiso e responsabilidade asinado polo pai/nai/titor do alumno.

O club tamén organizará actividades extraescolares e saídas. Está xa prevista unha “chocolatada” para os participantes no club, que terá lugar na biblioteca, e unha saída a Vigo par air ao cine e para visitar a librería *La casa del libro*. Tamén se contemplan posibles saídas en colaboración co equipo de biblioteca para realizar algunha ruta literaria.

### **3. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS DA BIBLIOTECA**

Posto que a biblioteca participa no Plan de mellora das bibliotecas escolares, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, ten elaboradas unhas liñas prioritarias de actuación para este curso 2018-19 que achegamos como anexo.

### **4. BIBLIOTECAS DE DEPARTAMENTO**

No noso centro cada departamento ten unha pequena biblioteca, pero este material non está aínda catalogado. Posto que dispoñemos de moi poucas horas de dedicación á biblioteca, non abordaremos de momento ese traballo. Neste curso centrarémonos en acadar unha comunicación fluída cos departamentos do centro, de cara a programar actividades. Ademais faremos unha revisión dos

estantes da biblioteca dedicados a material específico de cada materia, para realizar unha actualización, ben retirando material xa obsoleto, ben comprando material actual que se considere útil para acadar os obxectivos propostos de animación á lectura e de establecer a biblioteca como centro de información e recursos.

## **5. RECURSOS HUMANOS**

Este plan está elaborado para todo a comunidade escolar, polo que todo o profesorado debe participar del. Máis especificamente forman parte do equipo de biblioteca os seguintes profesores:

- Montserrat Santos (coordinadora): Tres horas de dinamización.
- Consuelo González: Unha hora de garda de biblioteca, e atención aos usuarios durante un recreo de 30 minutos e un recreo de 40 minutos.
- Isabel Cuntín: Atención aos usuarios durante un recreo de 30 minutos.
- Emilia Costa: tres horas de garda de biblioteca.
- Rosa Pérez: Atención aos usuarios durante un recreo de 30 minutos.
- Belén Jorge: Unha hora de garda de biblioteca, e atención aos usuarios durante un recreo de 30 minutos
- Ana Belén Moreda: Unha hora de garda de biblioteca.
- Yolanda Pérez: sen asignación horaria.
- María Esther Ferreiro: sen asignación horaria.
- Sonia González: sen asignación horaria.
- Juan Inacio Alonso: sen asignación horaria.
- Antonio Ricón (Coordinador do Equipo de Normalización Lingüística): sen asignación horaria.

En total serían tres horas de dedicación á biblioteca por parte da profesora coordinadora, e 6 horas por parte dos profesores colaboradores, ademais da atención ao usuario nos recreos.

## **6. ITINERARIOS LECTORES**

O equipo da biblioteca fai periodicamente recomendacións de lectura aos usuarios, que promove no blog da biblioteca, coa etiqueta *animación á lectura*, e



nos taboleiros de Pinterest, no taboleiro informativo, en Instagram e no andel de novidades da biblioteca. Tamén fomentaremos que sexa o alumnado quen promociione os seus libros preferidos, con recomendacións aos compañeiros. Así mesmo o profesorado de garda de recreos fará recomendacións personalizadas aos usuarios en función da súa idade e preferencias.

Isto, xunto coas recomendacións dos departamentos, e coa selección de libros de lectura obrigatoria nas materias Lingua Castelá, Lingua Galega e Literatura Universal, conforman un completo itinerario lector para o noso alumnado.

## **7. ACTIVIDADES PROGRAMADAS**

A biblioteca, coa colaboración de parte do profesorado, realizará durante este curso as seguintes actividades:

- o O noso Centro, en colaboración con outros centros do Concello, vai desenvolver un proxecto moi importante titulado: O MONTE NACE NA ESCOLA. Este Proxecto de educación ambiental nace como resposta a baga de lumes que arrasou o noso concello en outubro de 2017. O monte que rodeaba o Instituto quedou destruído.

O obxectivo principal é educar ao alumnado na importancia de coidar o medio ambiente da súa contorna. A Biblioteca participará neste proxecto con diversas actividades ao longo deste curso (exposicións de materiais bibliográficos, concurso de redacción, concurso de fotografía ou realización de vídeos co tema da natureza, e outras actividades que vaian xurdindo ao longo do curso)

- o Colaboración coas actividades das escolas UNESCO programadas pola profesora Belén Jorge.

- o Programa de formación de usuarios. Continuarase na liña dos cursos anteriores.

- o Campañas de lectura. Realizaremos periodicamente recomendacións de lectura, incluíndo lecturas para as vacacións. Tamén se fomentará a lectura de prensa: a biblioteca pon a disposición do alumnado e do profesorado catro

xornais (*Faro de Vigo, La Voz de Galicia, El País* e o semanal *Sermos Galiza*) e dende o blog, facilita enlaces a prensa nacional e internacional en diferentes linguas. Continuamos, ademais, coa subscrición ás revistas *Okapi, Muy Interesante, National Geographic, I love English, Grial* e *Pedagogía*. Este ano engadimos a subscrición ó xornal mensual *O Papagaio*, para nenos de primaria e secundaria, e á revista *Principia*, de ciencia e arte.

- o Encontros con autores. Intentarase que algún escritor visite o noso centro para charlar co noso alumnado.

- o Concursos. Realizaranse diferentes concursos ao longo do curso escolar. Cada trimestre e ao final de curso outorgarase o *Premio ao mellor lector e a mellor clase lectora*.

- o Exposicións. Están programadas exposicións de libros de medo (para a celebración do Samaín), libros de ciencia (en novembro, mes da ciencia), libros románticos (14 de febreiro), libros de Rosalía de Castro (para o 24 de febreiro, día de Rosalía), prensa (para a semana da prensa en marzo), poesía (para o 21 de marzo) e obras de Antón Fraguas (para o Día das Letras Galegas)

- o Obradoiros: estudarase a posibilidade de facer algún obradoiro de escritura.

- o Celebracións: o centro, e en concreto a Biblioteca celebrará o Día Internacional da Biblioteca, o Samaín, novembro como Mes da Ciencia, o Día Universal da Infancia, o Día contra a Violencia de Xénero, o Día de Rosalía de Castro, o Día da Muller Traballadora, a Semana da Prensa, o Día da Poesía, o Día do Libro e a Semana das Letras Galegas.

- o Mercado de libros de segunda man: organizaremos novamente este ano mercados para intercambio de libros de segunda man con libros de temática variada seleccionados do expurgo da biblioteca. O alumnado pode conseguir por 1 € ou por un libro de segunda man, novos libros para eles mesmos ou para regalar aos seus avós, pais ou amigos. En concreto no Mercado de Nadal os participantes recibirán, ademais do seu libro, unha rifa para unha cesta de material escolar que se sorteará en decembro.

- o Campaña de recollida de alimentos e xoguetes: a biblioteca regalará un libro a cada persoa que entregue na biblioteca un xoguete ou un alimento non perecedoiro. Estes produtos serán recollidos polo concello das Neves, para o seu reparto polos medios habituais previstos no concello.

## **8. ACTIVIDADES PARA A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS**

Algúns adultos teñen o seu número de lector e acceden aos préstamos na biblioteca como un usuario máis.

Establecerase unha sección específica de libros para lectores adultos, que incluíra novidades, literatura clásica, prensa, revistas especializadas e todo tipo de lecturas demandadas por estes usuarios.

En maio, entregarase o *Premio á mellor familia lectora*, que consistirá nun vale de 50 € para gastar en material escolar ou libros de lectura na librería Ler e Punto, das Neves. Para outorgar o premio contabilizaranse o número de entradas no blog do club de lectura e no blog da biblioteca e o número de libros solicitados na biblioteca polos membros da familia.

## **9. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN**

Os criterios de avaliación para a valoración deste plan serán os seguintes:

- o Nivel de cumprimento do plan.
- o Grao de implicación do profesorado.
- o Grao de implicación das familias.
- o Grao de implicación do alumnado.
- o Mellora dos hábitos lectores do alumnado.
- o Mellora das habilidades do alumnado no uso e tratamento da información en diferentes soportes.

Traballarase cos mesmos procedementos de avaliación que no proxecto lector:

- o Reunións periódicas do equipo da biblioteca para analizar o funcionamento da hora de lectura, o número de libros prestados, nivel de éxito de actividades realizadas pola biblioteca, grao de utilización da Biblioteca polos distintos departamentos, mellores lectores, colaboración co Club de Lectura, etc.
- o Enquisa online ao alumnado, a final de curso, sobre hábitos lectores e

valoración da Biblioteca como fonte de recursos para a aprendizaxe e a adquisición de coñecementos.

- o Enquisa ás familias a final de curso sobre hábitos lectores (cuestionario por escrito que o alumno leva á casa e despois devolve cuberto)
- o Enquisa online ao profesorado sobre valoración das actividades da biblioteca e sobre a hora de lectura.
- o Elaboración da memoria final de curso da Biblioteca, onde se contrasten os obxectivos planeados coa consecución dos mesmos.

## **ANEXO**

### **LIÑAS DE ACTUACIÓN NA BIBLIOTECA ESCOLAR PARA O ANO**

**2018/2019**

A biblioteca escolar activa apoia, cos seus recursos e as súas actividades, a formación de lectores e lectoras competentes, capaces de realizar unha lectura crítica de textos de diferente tipoloxía, en formatos e soportes variados e con distintas finalidades. Debe ofrecer múltiples oportunidades e favorecer a igualdade de oportunidades. É unha biblioteca que debe contribuír ao desenvolvemento das competencias básicas e favorecer a alfabetización múltiple do alumnado, competencia esencial para a vida e para a aprendizaxe .

#### **PRINCIPAIS LIÑAS DE ACTUACIÓN**

##### ***1. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN***

- Presentación no Claustro, na Comisión da BE e no Consello Escolar das liñas de actuación correspondentes. Reactivar a Comisión da biblioteca no Consello Escolar e reforzar as reunións trimestrais.
- Revisión e actualización do Proxecto Lector e do Plan Anual de lectura, coas achegas dos diferentes departamentos. Rexistro dos fondos a través do programa Meiga e da etiquetaxe de libros.
- Actualización de carnés/nº de usuario a comezo de cada curso e introdución do código de barras nos rexistros para posibilitar o auto-préstamo.
- Actualización de fondos bibliográficos de acordo coas necesidades de departamentos e persoas usuarias e difusión das novidades e do listado de libros de lectura obrigatorias na web, no blog, Instagram, etc.
- Promoción e suxestións de lectura de diferente temática e en diferentes linguas.
- Habilitación do espazo específico (estante) con material para alumnado con necesidades educativas especiais e ampliación de fondos.
- Fomento da biblioteca dixital coa actualización de recursos electrónicos (ordenadores, *ebooks* e tabletas para uso do alumnado) e integración das **TIC** nas actividades de fomento da lectura.
- Planificación, asesoramento e supervisión da “Hora de Lectura e cálculo”. (Organización trimestral).

- Programación de actividades culturais e educativas para a comunidade escolar, actividades para diferentes conmemoracións, exposicións temporais de diferente temática e difusión das actividades á comunidade escolar.
- Selección e organización do expurgo dos fondos da biblioteca.
- Colaboración con outras bibliotecas e institucións, especialmente da nosa contorna. Participación en actividades en colaboración con entidades educativas externas ao centro. Programación de saídas didácticas.
- Apoio ás materias de libre configuración, especialmente a Investigación e tratamento da información e Oratoria.

## **2. DINAMIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS**

- Actividades de busca de información tomando a biblioteca como centro de recursos en colaboración cos diferentes departamentos na confección das probas.
- Obradoiros e/ou concursos de poesía, cómics, teatro e relato curto de diferente temática.
- Obradoiro de escritura e realización dunha revista en papel e/ou dixital que será difundida á comunidade escolar.
- Exposicións solicitadas a entidades externas.
- Concursos de fotografía (outono fotográfico, fotografía matemática, fotografía ambiental, patrimonio...) e exposición de traballos do alumnado na biblioteca.
- Tertulias e debates en torno a temas de actualidade (novas, efemérides).
- Proposta aos departamentos de proxectos documentais en base á diversidade natural e o patrimonio cultural e artístico da nosa comunidade.
- Dinamización dos recreos con xogos de expresión e comprensión lingüística, así como concursos de coñecemento (como o "Trivial" adaptado á ESO, o parchís ortográfico, etc) e actividades no recreo dos venres (xadrez, cubo de Rubik...).
- Proxección de vídeos de distinta temática: vídeos divulgativos coa colaboración da Vicedirección e dos departamentos, vídeos de literatura, booktrailers, adaptacións literarias levadas ao cine e tamén adaptacións musicais (poemas musicados).
- Xogos, buscas do tesouro, webquests e actividades Jclick a través da aula

virtual.

- Fomento de actividades coeducativas colaborando coa Rede de Escolas UNESCO de Galicia, á que pertence o IES Pazo da Mercé.
- Consolidación e difusión do blog da biblioteca, do Instragam e do club de lectura como plataforma de comunicación, formación e espazo de lecer.
- Catalogación e mantemento da filmoteca cara ao préstamo a departamentos e a usuarios e incorporación de xogos educativos e didácticos para PC aos fondos da biblioteca.
- Apoio ao profesorado que traballe por proxectos coa selección e ampliación de recursos educativos na rede e difusión de información para a xuventude dende o blog da biblioteca, Instagram e dos paneis informativos do centro..
- Colaboración coa Vicedirección, incluídas as actividades ligadas á lectura e/ou cinema, co EDLG potenciando a biblioteca como espazo de Normalización Lingüística e co comité UNESCO, na organización de efemérides e celebracións. Colaboración coas actividades do club de lectura promovendo encontros con autores.

### **3. FORMACIÓN DE USUARIOS E EDUCACIÓN PARA O ACCESO Á INFORMACIÓN**

- Visita por titorías : estudo das normas da BE, do horario, dos seus espazos, da nosa CDU e do sistema de préstamo. Difusión do MEIGA dende o blog e Instagram da biblioteca. Reparto de dípticos nas aulas coas normas de funcionamento da biblioteca e coas condicións de préstamo, tanto de libros como películas.
- Información e asesoramento no uso dos ordenadores para o alumnado nos recreos e consolidación e ampliación no blog e Instagram do espazo “Formación de usuarios/as”
- Afianzamento do grupo de alumnado colaborador.

### **4. FOMENTO DA LECTURA**

- Colaboración no desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro e do Proxecto de Mellora das Competencias Lingüísticas en colaboración cos departamentos e co Club de lectura.

- Proposta ao Claustro da “Hora de Lectura e cálculo”. Combinar a hora de lectura libre, con lecturas en voz alta a partir de textos seleccionados para conmemorar efemérides ou celebracións. Fomentar a hora de lectura no Ciclo formativo.
- Recoñecemento público de lectores/usuarios destacados ao longo do curso e da “clase lectora”.
- Elaboración de guías de lectura e recomendacións de páxinas web, de lecturas, cine e pasatempos didácticos, taboleiros en Pinterest, e recomendacións de lectura personalizadas para alumnado e familias . Actividades e xogos de “animación á lectura” e promoción do “andel de novidades. Fomento da lectura de prensa e revistas dixitais con enlaces no blog e Instagram.
- Recollida de suxestións do alumnado para a compra de novos exemplares.
- Organización dun mercado de libros de segunda man e intercambio de libros nos recreos invitando a participar a toda a comunidade educativa.

### **5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**

- Comprobar o grao de aproveitamento do espazo físico da BE e da centralización dos seus recursos e a elaboración de materiais para a difusión da biblioteca.
- Verificar a adecuación dos novos fondos ao interese da comunidade educativa.
- Verificar a implicación dos proxectos da BE na dinámica global do Centro e valorar a participación das familias en actividades programadas para a Comunidade.
- Constatar a mellora no hábito lector dos usuarios e as súas habilidades no uso e tratamento da información nos diferentes soportes e valorar o papel da biblioteca escolar como factor de compensación social.

### **6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

- Estatísticas sobre movemento de fondos, enquisas ao alumnado, familias e profesorado sobre a lectura e a biblioteca como centro de recursos na aprendizaxe a través da web do instituto.



- Reunións do Equipo da B.E., do Claustro e da Comisión da B.E.Reunións co Equipo de Colaboradores/as entre o alumnado.
- Elaboración da memoria final de curso, valoración e conclusión.

## **7. EQUIPO DA BIBLIOTECA E HORARIO PREVISTO**

O equipo da biblioteca estará composto por:

- A responsable da mesma, Montserrat Santos Barroso, membros do Equipo Directivo e profesorado que manifesta o seu desexo de continuar colaborando se a distribución horaria o permite:, Emilia Costas Senra, Consuelo González Martínez, Isabel Cuntín García, María Belén Jorge Estévez, Rosa Pérez Álvarez, Yolanda Pérez Lloves. Ademais ao comezo de curso poderá incorporarse novo profesorado se así o desexa.

### **Horario de apertura:**

- Abrirase a biblioteca durante os recreos e nas horas que haxa profesorado con horas de atención á biblioteca.Nos recreos do luns e do venres solicitarase a presenza de dúas persoas de garda . Se for posible, abrirase a biblioteca en horario extraescolar.

O tempo de dedicación do profesorado neste curso en horario lectivo é de 7 horas (xa incluídos todos os recreos).Poderá incrementarse sempre que a dispoñibilidade horaria e a organización do centro o permita.

As Neves, 4 de xuño de 2018